



En contestación á petición de data 12 maio de 2020 indícolle que o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial no seu Título IV.- Normas especiais do estatuto dos deputados e deputadas, no seu artigo X . Do dereito de acceso á información, establece:

“Os deputados provinciais terán acceso a cantas informacións, documentos e antecedentes obren en poder dos servizos provinciais e dos organismos e entidades dependentes da Deputación Provincial, e á obtención de copias ou á remisión en soporte informático dos arquivos correspondentes, nos termos previstos na lexislación de réxime local, e con respecto en todo caso ó disposto na lexislación de protección de datos e ós dereitos de terceiros. A remisión da información farase preferentemente en soporte informático, sempre que sexa posible. O dereito de acceso á información refírese a datos, informacións ou documentos existentes, e non inclúe, polo tanto, a elaboración de estatísticas, resúmenes ou informes da documentación posta a disposición dos deputados por parte das unidades administrativas da Deputación, agás nos casos en que a lexislación de réxime local así o estableza. A elaboración de estatísticas, resúmenes e informes, deberá ser realizada, con carácter xeral, polo persoal adscrito ó servizo dos grupos políticos...”

Indicándolle que os expedientes que queira consultar estarán á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	LUGAR
Expedientes gastos eventos culturais, festivos, gastronómicos, deportivos	TRANSPARENCIA

Para fixar data e hora, prégonlle contacte co departamento de transparencia nos teléfonos 988317605 ou 629226655, ou ben a través do Mail: transparencia@depourense.es

Ourense, 27 de maio de 2020



O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.